

BOLETÍN UVIGO/HUMANA



BENVVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Responsabilidade Social e Cooperación [+ Info Direc.rsc@uvigo.es](mailto:Info.Direc.rsc@uvigo.es)

A Universidade e a Axenda 2030 das Nacións Unidas

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en

contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

ABRIL

“o mes da Aprendizaxe-Servizo”

L	M	MÉ	X	V	S	D
28	29	30 Visita das Mulleres activistas Hondureñas e Galega	31	1	2 Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo	3
4	5	6 Día Mundial do Deporte para a Paz	7 Día Mundial da Saúde	8	9	10
11	12 Día Mundial dos Voos Espaciais Tripulados	13	14	15	16	17
18	19	20	21 Día Mundial da Creatividade e Innovación	22 Día Mundial da Terra Nai	23	24 Día Mundial da Diplomacia para a Paz
25	26	27	28 Xornada de celebración dos proxectos ApS (2021/2022)	29	30	

- Visita das mulleres activistas hondureñas e galegas no marco do [Curso: Escola de Sustentabilidade e Cidadanía Global: Mulleres Bravas defensoras da Terra.](#)
- Curso “A metodoloxía da Aprendizaxe-Servizo (ApS)”.
- Xornada de celebración dos proxectos Aprendizaxe-Servizo (2021/22).
- Comezo do voluntariado “Axentes do Cambio”.
- Proxecto “Residuo 0”: na procura de persoas voluntarias.

CHAVE S

deste número

Qué é a Aprendizaxe-Servizo?

A Aprendizaxe-Servizo (ApS) é una metodoloxía educativa que consiste en que o alumnado aprenda ao tempo que realiza un servizo á comunidade. Deste xeito, pódense adquirir tanto as competencias técnicas da titulación que se cursa, como habilidades xenéricas que teñen que ver co compromiso ético, a responsabilidade social ou traballo en equipo. Esta metodoloxía trata de impulsar unha educación superior integral e comprometida coas necesidades da contorna, e está dirixida á consecución dos ODS da Axenda 2030.

Como podo colaborar con Ucraína?

Para dar resposta á mobilización da comunidade universitaria, a UVigo vén de publicar unha lista de [recomendacións](#) para canalizar a solidariedade co pobo ucraíno. Todas as actualizacións publicaránse [aquí](#).

Se te queres involucrar persoalmente, tamén podes realizar un voluntariado por medio da UVigo e as entidades sociais locais que atenden a persoas refuxiadas. Neste sentido, informámosvos de que a Universidade colabora con distintas entidades sociais como a asociación Provivienda e Cruz Vermella, que traballan con persoas refuxiadas e migrantes a través de distintas accións entre as que se atopa, precisamente, o voluntariado.

Nestes momentos, e debido a actual crise motivada polo conflito bélico en Ucraína, estas dúas entidades indícanos que precisan persoas voluntarias, especialmente con coñecemento de idiomas. Aquelas persoas interesadas, podedes apuntarvos nos programas de colaboración que temos con elas a través do seguinte [enlace](#)

CURSOS E XORNADAS

A metodoloxía da Aprendizaxe-Servizo (ApS). UVigo [+Info](#)

Curso de formación do PDI. Docencia: 21/03/2022-22/04/2022. En liña e presencial.

Xornada de celebración dos proxectos Aprendizaxe-Servizo (2021/22). UVigo

Coñece os proxectos Aprendizaxe Servizo que se desenvolveron durante o curso 21-22 escoitando aos coordinadores, estudantes e entidades sociais participantes [+Info](#)

Introdución á Cooperación Internacional. Cruz Vermella [+Info](#)

Inicio: 25/05/2022. Fin: 25/07/2022. Data límite de matriculación: 18/05/2022.

Grandes desafíos de hoxe para un futuro sostible: Axendas para o cambio desde unha mirada sistémica. La Coordinadora de Organizaciones para el Desarrollo

Inicio: 26/04/2022. Fin: 13/06/2022. Data límite de matriculación: 9/04/2022. En liña [+Info](#)

Formacións do Concello de Santiago de Compostela para persoas migrantes:

"Requisitos e trámites para a nacionalidade española" (Data: 28/03/2022. Presencial. De balde) [+Info](#)

"Dereitos e deberes das persoas inquilinas" (Data: 29/03/2022. Presencial. De balde) [+Info](#)

Introdución á decolonialidade. Resistencia en Terra Allea [+Info](#)

Grupo 1: data (23/03/2022). Grupo 2: data (30/03/2022). En liña.

Afrofeminismo: entre teoría e práctica. Resistencia en Terra Allea [+Info](#)

En liña: 24/03/2022. Presencial: 29/03/2022.

SUXESTIÓNS

ODS e Axenda 2030, materia pendente para a comunidade universitaria galega?



Este informe do ano 2021 quiere indagar no nivel de coñecemento da comunidade universitaria galega sobre os Obxetivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 2030, á vez que reflexiona sobre a implicación dos gobernos autonómico e estatal na súa posta en práctica. O seu obxectivo é o de contribuír a mellorar tanto o coñecemento como o traballo en relación cos ODS por parte xa non só dos gobernos e universidades, se non da cidadanía en xeral. [+Info](#)

Del Maine a las RRSS: Una investigación acción participativa (IAP)

A Federación SOS Racismo ven de presentar unha investigación nalgúns dos territorios nos que ten presenza –entre eles Galicia–, sobre o impacto que teñen os rumores, desinformacións e bulos na vida cotiá das persoas e comunidades de migrantes e racializadas que habitan no Estado español. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Convocatoria Proxectos Aprendizaxe Servizo (ApS) 2022-23. UVigo

Prazo de presentación de solicitudes: do 16-03-2022 ata o 10-05-2022 [+Info](#)

Programa de Becas para formación da mocidade española en asuntos europeos no Colexio de Europa. (PROGRAMA COE)

Prazo de presentación de solicitudes: do 17 ao 30 de marzo de 2022. [+Info](#)

Becas Culturex de formación práctica en xestión cultural para a mocidade española no exterior. Ministerio de Cultura e Deporte

Inscripcións: do 18/03/2022 ao 18/04/2022 [+Info](#)

Ampliación Estudos Artísticos Xunta de Galicia para o curso 2022-2023. Fullbright.

Prazo de presentación de solicitudes: do 24 de xaneiro ao 24 de marzo de 2022. [+Info](#)

Ampliación de estudos de Mestrado e Doutorado para o curso 2023-2024. Fullbright

Prazo de presentación de solicitudes: do 10 de xaneiro ao 1 de abril de 2022. [+Info](#)

Premio Fundación Banco Sabadell á Sostibilidade Mariña 2022

Prazo de presentación de solicitudes: do 2/03/2022 ao 2/05/2022 [+Info](#)

Coñece as entidades sociais da nosa contorna #1



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento

A Coordinadora Galega de ONGD naceu o 1 de xuño de 1991 da man de dúas organizacións xa desaparecidas: Comisión Galega

pro-Amazonia e Estudiantes Solidarios. A este par de entidades se lles foron sumando aos poucos moitas outras organizacións e hoxe, 30 anos despois, na Coordinadora son 45 ONGD asociadas. Trátase dunha plataforma social e política de ONG de Desenvolvemento comprometidas coa consecución da xustiza social e o fin das desigualdades globais que traballan dende Galicia para construír un modelo de cooperación transformadora baseado no desenvolvemento sustentable e no enfoque feminista e de dereitos humanos. [+Info](#)

PODCASTS COMPROMETIDOS

Feminismo e apoio mutuo na Ucraína. Voces dende o fronte. El Salto Radio [+Info](#)

Non á guerra: como se constrúe a paz (Carne Cruda #1021). elDiario.es [+Info](#)

Volunturismo e a síndrome do salvador branco. La Güira #30 [+Info](#)

Helena Maleno: testemuña incómoda da migración (Carne Cruda #854). elDiario.es [+Info](#)



© Atalayar/DIKOBRAZ. A defensora dos Dereitos Humanos e activista Helena Maleno.

NOVAS DO DUVI

O Módulo Jean Monnet sobre o Pacto Verde Europeo arranca abordando a axenda internacional da sostibilidade [+Info](#)

Día Mundial da Auga. Proxección de 'A fonte das mulleres' [+Info](#)

Arranca cunha chocolatada a celebración do San Pepe máis "alternativo e sostible" [+Info](#)

O proxecto europeo Worldplaces aposta por fomentar a integración laboral das mulleres migrantes [+Info](#)

Sebastián Álvaro abrirá o I Ciclo de montaña, medio ambiente e cambio climático, impulsado por Peña Trevinca e UVigo [+Info](#)

O campus conmemora o 8M reivindicando a educación en igualdade e para a paz [+Info](#)

Os mamíferos terrestres xeneralistas resisten mellor as alteracións climáticas [+Info](#)

NOVAS

A consulta pública sobre a Proposta de Lei contra o racismo comezará o 21 de marzo [+Info](#)

Como apoiar á poboación na Ucraína? [+Info](#)

Sada acolle a exposición 'Defensoras de dereitos' [+Info](#)

A viaxe dos ucranianos sen destino [+Info](#)

Unha vez máis, non ás guerras! [+Info](#)

Valoración de Provivienda e HOGAR SÍ sobre o Proxecto de Lei polo Dereito á vivenda [+Info](#)

A exclusión financeira afecta a miles de persoas migrantes e refuxiadas en España [+Info](#)

Galicia comeza a elaborar a estratexia de voluntariado 2027 para "recoller e amplificar o impulso solidario dos galegos" [+Info](#)

VOLUNTARIADO E PRÁCTICAS PROFESIONAIS

Programas de voluntariado para o alumnado da Universidade de Vigo

Os membros da nosa comunidade universitaria poden participar en proxectos de voluntariado mediante unha entidade de acción voluntaria.

Como alumnado tes dereito ao recoñecemento de créditos ECTS por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS. [+Info](#)

Voluntariado “Axentes do Cambio”. UVigo

O voluntariado Axentes do Cambio comezará coas súas accións de información e sensibilización sobre os obxectivos de desenvolvemento sostible e Axenda 2030 durante o mes de abril. Manterémosvos informados das súas actividades por medio na seguinte páxina [web](#)

Proxecto “Residuo 0”. UVigo e Amigos da Terra [+Info](#)

Este voluntariado, que se fai en colaboración coa ONG Amigos da Terra, busca persoas voluntarias nos 3 campus para:

-Atopar solucións creativas encamiñadas a provocar un cambio de hábitos para reducir a xeración de lixo no ámbito universitario.

-Sensibilizar ao público universitario na redución de residuos.
-Crear un espazo de alternativas baseadas na redución, a reutilización e a reciclaxe dos residuos.



NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS

Derechos humanos y migraciones: una mirada interdisciplinaria. Álvarez Cuatero et al., 2020, Ed. Tirant lo Blanch [+Info](#)

¿Quién defiende a los Defensores de los Derechos Humanos? Movimiento contra la Intolerancia; Madrid, 2015 [+Info](#)

RECURSOS

Catálogo de publicaciones da Coordinadora Galega de ONGD [+Info](#)

Catálogo de publicaciones de Cooperación Española [+Info](#)

Catálogo de publicaciones de Cooperación Española [+Info](#)

Publicaciones da asociación Provivienda [+Info](#)

Publicaciones de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)